- Este mestrado ten a modalidade de ensino presencial, polo tanto a asistencia a clase e a realización do traballo para a avaliación continua é obrigatoria. Esta asistencia debe ser, alomenos, do 80 % estando admitido faltar ao 20 % da presencialidade.

- Os prazos das entregas das actividades, traballos, etc. serán comunicados polo profesorado na clase e/ou en Faitic e tamén é necesario cumprilos para ser cualificados na avaliación continua ou final.

- O alumnado que non supere a materia por avaliación continua terá unha proba de avaliación, ao redor dos contidos nucleares da materia, na data marcada no calendario do máster para os exames oficiais. Cabe resaltar que esta proba estará composta dun traballo (70%) e un examen (30%), tendo que obter alomenos o 50% da puntuación en cada unha para realizar o cómputo. En caso de superar unha das probas da materia (traballo ou exame) conservarase a súa calificación dentro do mesmo curso académico, pero na Acta académica figurará como non superada e colocarse a media resultante da puntuación global obtida (atendendo previamente a súa espectiva ponderación).

Máis información sobre o proceso de avaliación así como sobre o tipo de exame, as orientacións para a realización do traballo, data de entrega, etc. será facilitada baixo demanda do alumnado que precise, ao non poder superar a materia por

avaliación contiuu.

Na web do mestrado poden consultarse as datas do exame oficial: <http://mpe.uvigo.es/index.php?lang=es>

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

CANTÓN MAYO, I. y PINO JUSTE, M.R., **Diseño y desarrollo del curriculum.**, Alianza editorial.,

CANTON MAYO, I. Y PINO JUSTE, M., **Organización de centros educativos en la sociedad del conocimiento**, Alianza,

Bibliografía Complementaria

ANTÚNEZ, S. Y GAIRÍN, J., **La organización escolar. Práctica y fundamentos.**, GRAO,

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Orientación e Función Titorial/V02M066V02101

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/V02M066V02102

Investigación e Innovación na Educación Secundaria/V02M066V02205

DATOS IDENTIFICATIVOS**Sistema Educativo e Educación en Valores**

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Sistema Educativo e Educación en Valores | | | |
| Código | V02M066V09104 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Fernández González, María Reyes | | | |
| Profesorado | Fernández González, María Reyes | | | |
| Correo-e | ofoe-to@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |

Descrición xeral Toda práctica educativa de intervención educativa funda as súas raíces no sistema de ideas, procedementos e valores que os seus fins lle asignan. A posición dun/ha profesional do campo educativo que quere educar sen ter unha teoría clara e definida da educación sería tan irracional como a de aquel que quere guiar alguén sen saber de onde parte, por onde vai e onde se dirixe. Ésta é a razón pola que antes de deseñar o desenvolvemento de calquera intervención pedagóxica, o profesorado debe ter clara unha Teoría da Educación que guíe a determinación do proceso educativo e a selección dos medios para logralo. Para iso, e en primeiro lugar, é necesario precisar que é a Teoría da Educación, que lonxe de referirse exclusivamente a cuestións teóricas acerca da educación e polo tanto afastadas das realidades educativas, incide polo contrario en todos os aspectos propios da práctica educativa. Polo tanto, a Teoría da Educación significa coñecer para facer, saber para logo aplicar mellor as innovacións educativas e, en definitiva, para mellorar a calidade da educación.

A continuación é obrigado determinar qué entendemos por educación, xa que ao ser un termo de uso habitual na vida cotiá porque a todas as persoas afecta de algún modo, todo o mundo se atrevería a dar unha definición de educación. Ademais, existen moitos conceptos afíns á educación como formación, ensino, aprendizaxe, instrución, capacitación, que se empregan en moitas ocasións como termos similares e que deben diferenciarse para a súa correcta utilización. Así mesmo, a educación non se pode reducir á que é impartida na escola -Educación Formal-, xa que as persoas se educan máis alá de ela e os influxos que se reciben a partir de outros medios son tanto ou máis potentes que os que proceden da escola e incluso interfíren na súa acción.

Polo tanto, faise necesario traballar os conceptos de -Educación Non Formal-, definida como o conxunto de procesos, medios e institucións deseñados en función de explícitos obxectivos de formación, que non están directamente dirixidos á provisión dos graos propios do sistema educativo regrado, e o de -Educación Informal- que se referiría a aqueles procesos educativos que se producen indiferenciados de outros procesos sociais, que non foron institucionalizados nin sistematizados, que se dan no curso ordinario da vida.

Un dos factores que influíu na crecente importancia que se lle outorgou tanto á Educación Non Formal como á Educación Informal foi o cambio nos valores defendidos pola sociedade, da defensa da virilidade ou a guerra pasouse á defensa da paz ou a tolerancia, valores nos que ata agora non educaba a escola e que a partir da transversalidade como na LOXSE e da inclusión da Educación en Valores da LOE, si serían incluídos nos seus contidos.

Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Educación Secundaria é polo que un bloque de contido centrarase exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ao alumnado no universo da educación, prestando especial atención aos elementos que integran o sistema e ás súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia considéranse os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades pero tamén se presta especial atención a algunhas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas en tanto responsables da normativa educativa, responsables da redacción e desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A análise da situación actual complementábase cunha breve perspectiva histórica, considerando os retos e desafíos de futuro (LOMCE □ Lei Orgánica de Mellora e Calidade da Educación).

Competencias

Código

| | |
|-----|---|
| B7 | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| B13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| C6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C11 | Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|--|---------------------------------------|-----|-----|
| O alumnado é quen de analizar os aspectos substantivos do sistema educativo español nos ámbitos estatal e autonómico. O alumnado estuda e coñece a súa estrutura nunha perspectiva histórica e actual. | B13 | C6 | |
| O alumnado comprende os aspectos fundamentais da Lei Orgánica 2/2006 e da LOMCE, en relación cos niveis educativos vinculados ao Mestrado de Secundaria. | B13 | C6 | D1 |
| O alumnado coñece e valora o rol dos axentes socioeducativos nos procesos educativos formais propios das ensinanzas de secundaria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas. | B7 | C10 | C11 |

O alumnado sabe como deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe con especial atención á equidade, a educación emocional e en valores, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e ou respecto dos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sostible.

B7 C10 D1
B13

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| 1. O Universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos. Educación formal, non formal e informal. | 1.1. Concepto de educación. Trazos xerais e diferenciais. 1.2. Clarificación terminolóxica. 1.3. Dimensións e piares da educación. 1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal. 1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas. |
| 2. O sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores, alumnado, familia) e a súa evolución. | 2.1. O sistema educativo español. Análise histórica. LOGSE, LOCE, LOE, LOMCE. 2.2. A estrutura do sistema educativo despois da LOMCE. Ensinanza obrigatoria e posobrigatoria. Educación Secundaria e Bacharelato. Formación Profesional. Ensinanzas de Idiomas. 2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e o das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. Asociacións escolares. |
| 3. A educación en valores. | 3.1. Marco conceptual da educación en valores e actitudes. Cara unha convivencia pacífica. 3.2. Metodoloxía e estratexias didácticas ante valores e actitudes. 3.3. Avaliación de valores e actitudes. 3.4. Actitudes do profesorado ante valores controvertidos. 3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a educación de valores e actitudes. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 14 | 7 | 21 |
| Traballos de aula | 14 | 12.5 | 26.5 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | 0 | 40 | 40 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|--|
| Lección maxistral | O profesorado explica os aspectos básicos dos núcleos temáticos da materia. |
| Traballos de aula | O alumnado realiza traballos nos que aplica os coñecementos desenvolvidos na sesión maxistral. |
| Resolución de problemas de forma autónoma | O alumnado realiza un traballo propio seguindo as indicacións do profesorado. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|------------|
| Lección maxistral | Titorías |
| Traballos de aula | Titorías |
| Resolución de problemas de forma autónoma | Titorías |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|---|---|---------------|---------------------------------------|
| Lección maxistral | O profesorado explica os aspectos básicos dos núcleos temáticos da materia | 20 | C6 C10 C11 |
| Traballos de aula | O alumnado aplica o coñecemento teórico a casos prácticos. | 30 | B7 B13 C6 C10 C11 |
| Resolución de problemas de forma autónoma | O alumnado realiza un traballo de elaboración propia segundo as indicacións do profesorado. | 50 | B7 B13 C6 C10 C11 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

A calificación final da materia resultará da integración das distintas notas. Deberán ser superadas todas as partes para poder obter unha calificación positiva. O/a alumno/a que non realice todas as actividades de avaliación obterá unha calificación final de SUSPENSO. De non ter superada a materia, as competencias non adquiridas serán avaliadas novamente na convocatoria de xullo. Os e as estudantes non asistentes deberán contactar ao inicio do módulo co profesorado para coñecer o sistema alternativo de avaliación. As datas oficiais dos exames poden consultarse na web do mestrado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Camps, V., **El gobierno de las emociones**, 1ª, Herder, 2011

Colom, A.J. (coord.), **Teorías e institucións contemporáneas de la educación**, 1ª, Ariel, 1998

Delors, J., **La educación encierra un tesoro**, 1ª, Santillana / UNESCO, 1996

Esteve, J.M., **Educación, un compromiso con la memoria. Un libro para educar en libertad**, 1ª, Octaedro, 2010

Haydon, G., **Enseñar valores. Un nuevo enfoque**, 1ª, Morata, 2013

Mestre Chust, V., **La necesidad de la educación en Derechos Humanos**, 1ª, UOC, 2007

Pozo Andrés, Mª del M. (ed.), **Teorías e institucións contemporáneas de la educación**, 1ª, Biblioteca Nueva, 2009

Puig Rovira, J.Mª, Gijón Casares, M., Martín García, X. y Rubio Serrano, L., **Aprendizaje servicio: educar para la ciudadanía**, 1ª, Octaedro, 2007

Sarramona, J., **Fundamentos de educación**, 1ª, CEAC, 1989

Soler, Mª.P. (coord.), **De la educación emocional a la educación en valores**, 1ª, MEC, 2008

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**As Linguas Estranxeiras no Contexto Español e Internacional**

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | As Linguas Estranxeiras no Contexto Español e Internacional | | | |
| Código | V02M066V09230 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 8 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Constenla Bergueiro, Amadeo Gonzalo Bouzada Jabois, Carla | | | |
| Profesorado | Bouzada Jabois, Carla Constenla Bergueiro, Amadeo Gonzalo | | | |
| Correo-e | gonzalo@uvigo.es carla.bouzada@uvigo.es | | | |
| Web | http://faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Esta materia pretende proporcionar unha visión panorámica e comprensiva da docencia de linguas estranxeiras en España e en Galicia en termos de lexislación e das estruturas educativas actuais no contexto dos obxectivos fixados polo Marco común europeo de referencia para as linguas. A información proporcionada no curso será tratada dun xeito práctico por medio de debates e de estudos comparativos entre a situación no contexto nacional e as políticas educativas e aportacións máis significativas dos países do noso entorno europeo de xeito prioritario, pero tamén doutras zonas relevantes do mundo global. | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| B1 | Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente. |
| B3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| B4 | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada. |
| B5 | Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo. |
| B6 | Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes. |
| B10 | Deseñar e realizar actividades formais e non formais que contribúan a facer do centro un lugar de participación e cultura na contorna no que está situado. |
| B13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| B17 | Desenvolver hábitos e actitudes para aprender a aprender ao longo do seu posterior desenvolvemento profesional. |
| C3 | Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. |
| C6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| C7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. |
| C8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |

| | |
|-----|---|
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C12 | Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. |
| C14 | Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |
| D3 | Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|---|---------------------------------------|-------------------------------|----------|
| Desenñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes. | B1 B3 B4 B5 | C3 C7 | D1 D3 |
| Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. | B4 B10 B17 | C8 C10 C12 | D3 |
| Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. | B1 B13 | C6 C14 | D1 |
| Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. | B4 B6 B13 B17 | C7 C10 C14 | D1 D3 |
| Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. | B5 B10 B17 | C3 C8 C12 | D3 |
| Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. | B5 B10 B17 | C7 C10 C12 C14 | D3 |
| Adquirir habilidades sociais na relación e orientación familiar. | B5 B10 | C3 C8 C10 C12 C14 | D3 |
| Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. | B1 B13 B17 | C6 C7 C14 | D1 D3 |

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| 1.- O ensino de linguas no presente modelo educativo, estatal e autonómico. | Visión panorámica do ensino de linguas no Estado español e en Galicia desde as perspectivas da educación obrigatoria, post-obrigatoria ou de réxime especial. |
| 2. O Marco común europeo de referencia para as linguas. Obxectivos, métodos e prioridades da política lingüística europea. | Estudo e discusión dos documentos fundamentais sobre o ensino de linguas estranxeiras no contexto europeo. |
| 3.- O ensino-aprendizaxe e certificación de linguas estranxeiras polas institucións internacionais. | Información relevante sobre institucións internacionais dedicadas ao ensino e certificación das linguas estranxeiras membros de ALTE, CERCLES, EALTA, e outras. |
| 4.- Os niveis de referencia de aprendizaxe de linguas e o desenvolvemento de competencias. | Descrición e estudo en detalle das competencias específicas, transversais e complementarias a desenvolver nos distintos niveis de aprendizaxe. |
| 5.- O deseño curricular base. | O currículo, e os seus elementos, das linguas estranxeiras na ESO, Bacharelato, FP e Escolas Oficiais de Idiomas. |
| 6.- As programacións didácticas vixentes. | Panorámica das programacións actuais nos distintos tipos de ensino e a súa discusión desde a perspectiva dos obxectivos fixados nos contextos nacional e internacional. |
| 7.- Seccións bilingües e plurilingües. Metodoloxía CLIL/AICLE. Os proxectos lingüísticos de centro (PLC) | Información de novas orientacións e métodos que comezan a ser empregados desde a perspectiva curricular. |
| 8.- As linguas estranxeiras como fenómeno global. Experiencias educativas internacionais | Visión panorámica dos sistemas educativos internacionais máis relevantes. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Estudo previo | 4 | 6 | 10 |
| Lección maxistral | 20 | 50 | 70 |
| Traballos de aula | 20 | 30 | 50 |
| Presentación | 20 | 50 | 70 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------|---|
| Estudo previo | Presentación do curso: Discusión dos obxectivos, métodos, materiais e sistemas de avaliación. |
| Lección maxistral | Clases teóricas nas que se imparten os contidos do temario. |
| Traballos de aula | Actividades prácticas de autoavaliación de coñecementos na parte final de cada sesión. |
| Presentación | Actividades de aplicación e ampliación de contidos realizadas polo estudantado na aula. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|---|
| Lección maxistral | O profesorado do curso estará a disposición do alumnado de forma presencial nas titorías oficiais. Tamén haberá servizo de consulta en liña. |
| Traballos de aula | O profesorado do curso estará a disposición do alumnado de forma presencial nas titorías oficiais do curso e nas titorías especializadas que sexan necesarias para a redacción dos traballos e presentacións. Tamén haberá servizo de consulta en liña. |
| Presentación | O profesorado do curso estará a disposición do alumnado de forma presencial nas titorías oficiais do curso e nas titorías especializadas que sexan necesarias para a redacción dos traballos e presentacións. Tamén haberá servizo de consulta en liña. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|-------------------|--|---------------|---------------------------------------|-----------------------|----------|
| | | | B1 | C7 | |
| Traballos de aula | Unha recapitulación e comentario do impartido en cada sesión do curso publicado por cada alumno/a no seu blogue de traballo. | 50 | B3 B5 B10 | C10 C14 | |
| Presentación | Unha presentación sobre un aspecto relacionado co temario da materia durante as sesións presenciais do curso. | 50 | B4 B6 B10 B13 B17 | C3 C6 C8 C12 | D1 D3 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado será avaliado durante o curso (**avaliación continua**) por medio de: 1) Os comentarios publicados nos blogues de traballo de xeito regular durante o curso, 2) Unha presentación sobre un aspecto relacionado cos contidos do programa previamente acordado co profesorado da materia. Cada parte supón un 50% da cualificación final.

O alumnado que supere o 20% de inasistencia ás sesións docentes perderá o seu dereito á avaliación continúa descrita no parágrafo anterior e poderá realizar un exame final comprensivo nas datas que para os efectos sexan fixadas pola secretaría do mestrado.

As entradas dos blogues terán que ser redactadas e publicadas conforme ao calendario que se fixe ao comezo do curso. Cada comentario entregado tarde contará como 0 a efectos do 50% da cualificación final que corresponde a "Traballos de aula". As normas de redacción e tratamento de temas deses comentarios tamén serán fixadas ao comezo das sesións presenciais. No tocante as presentacións, estas terán lugar tamén durante as sesións presenciais do curso segundo nas datas fixadas polo profesorado da materia.

Haberá un exame final comprensivo de **avaliación única** para o alumnado que non poida asistir ás sesións de xeito regular por razóns documentalmente xustificadas. A data deste exame será fixada pola Secretaría do Mestrado e constará dunha parte teórica de demostración de coñecementos dos puntos do temario da materia e de unha parte práctica de aplicación dos contidos do curso a supostos reais da docencia de linguas estranxeiras en secundaria. Cada parte suporá un 50% da cualificación final e é preciso superar ambas para aprobar o curso.

O plaxio nun traballo ou presentación será cualificado cun 0.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma Faitic e estar ao tanto das datas de entrega de traballos, de presentacións e de avaliación.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Baidak, Nathalie, et al, **Key data on teaching languages at school in Europe. Education, Audiovisual and Culture Executive Agency, European Commission.**, EU Bookshop, 2012

Cantón, I. y Pino, M. (coord.), **Diseño y desarrollo del currículo.**, Alianza Editorial, 2011

Comisión Europea, **Marco común de referencias para las lenguas: aprendizaje, enseñanza, evaluación**, Centro Virtual Cervantes,, 2002

Díaz, Carmen Guillén, et al.,

Ibáñez, J, E. Sanz y N. Goicoechea (Eds)., **La Interculturalidad y el Aprendizaje de las Lenguas en el Espacio Europeo.**, Servicio Publicaciones de la Universidad de Burgos, 2006

Jones, Neil, and Nick Saville, 2009

Marsh, David, and María Jesús Frigols Martín, 2012

Veiz, J.M., **□Multilingual education in Europe: policy developments.□**,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Prácticas Externas/V02M066V09301

Traballo Fin de Máster/V02M066V09401

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras/V02M066V09231

Estratexias de Innovación Docente no Campo das Linguas Estranxeiras/V02M066V09232

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Desenvolvemento Psicolóxico da Aprendizaxe no Ensino Secundario/V02M066V09102

Deseño Curricular e Organización de Centros Educativos/V02M066V09103

Orientación e Función Titorial/V02M066V09101

Sistema Educativo e Educación en Valores/V02M066V09104

DATOS IDENTIFICATIVOS**Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras**

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Didáctica da Ensinanza das Linguas Estranxeiras | | | |
| Código | V02M066V09231 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade: Linguas e Literaturas. Linguas Estranxeiras | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 12 | OB | 1 | 2c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | | | | |
| Coordinador/a | Constenla Bergueiro, Amadeo Gonzalo | | | |
| Profesorado | Constenla Bergueiro, Amadeo Gonzalo Costa da Silva , María Manuela Fontenla Blanco, Ana María Salceda Rodríguez, Hermes Valencia González, María Luz | | | |
| Correo-e | gonzalo@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | | | | |

Competencias

| | |
|--------|---|
| Código | |
| B3 | Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro. |
| B4 | Buscar, obter, procesar e comunicar información (oral, impresa, audiovisual, dixital ou multimedia), transformala en coñecemento e aplicala aos procesos de ensino e aprendizaxe nas materias propias da especialización cursada. |
| B5 | Contextualizar o currículo que se vaia a implantar nun centro docente participando na planificación colectiva do mesmo. |
| C2 | Comprender o desenvolvemento da personalidade destes estudantes e as posibles disfuncións que afectan a aprendizaxe. |
| C6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| C7 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de información, titoría e orientación académica e profesional. |
| C8 | Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. |
| C9 | Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia. |
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C11 | Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| C13 | Coñecer e aplicar recursos e estratexias de educación no respecto e valor da diversidade lingüística e as súas implicacións educativas. |
| C14 | Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xenerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |

D2 Xestionar de forma óptima o tempo de traballo e organizar os recursos dispoñibles, establecendo prioridades, camiños alternativos e identificando erros lóxicos na toma de decisións.

D3 Potenciar a capacidade para o traballo en contornas cooperativas e pluridisciplinarias

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe | | |
|--|---------------------------------------|--------------------------------------|----------------|
| Ofrecer ao futuro profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensino de Idiomas a formación pedagóxica e didáctica esixida pola lexislación actual. | B3 B4 B5 | C6 C13 | D1 |
| Coñecer os contidos curriculares | B3 B4 B5 | C9 | |
| Elaborar e programar unidades didácticas. | B3 B4 B5 | C7 C9 C13 C14 | D1 D2 D3 |
| Buscar e deseñar actividades que fomente a competencia comunicativa traballando as catro destrezas (falar, escoitar, ler, escribir) utilizando diferentes materiais e recursos (oral, impreso, audiovisuais, dixitais, multimedia...). | B3 B4 B5 | C2 C8 C13 C14 | D1 D2 D3 |
| Adquirir estratexias para traballar atendendo á diversidade. | B3 B4 B5 | C2 C8 C9 C10 C11 C13 | D1 D2 D3 |
| Dominar habilidades para que o proceso ensino aprendizaxe se desenvolva sempre no marco da educación en valores, a estimulación e esforzo do alumnado, dotándoo das ferramentas necesarias para aprender a aprender e favorecer a autonomía persoal. | B3 B4 B5 | C8 C9 C10 C11 C13 C14 | D1 D2 D3 |

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| Situacións e variábeis de ensino das linguas estranxeiras | -Contextos de adquisición e uso -Repertorio lingüístico -A lingua estranxeira en idades precoces |
| As competencias chave. A competencia comunicativa: análise dos seus compoñentes. Da gramática ao uso da lingua | -As competencias chave na aula de LE -A autonomía da aprendizaxe e aprender a aprender -Actividades de lingua: tipoloxía, incorporación das actividades de léxico e os contidos gramaticais e funcionais. |
| Programación de unidades didácticas | -Secuenciación e temporalización. -Obxectivos didácticos. -Contidos de aprendizaxe. -Recursos materiais -Avaliación |
| A avaliación na aula de linguas estranxeiras | -Avaliación inicial, formativa e final -Uso de descritores (rubrics) |
| Estratexias de comunicación. A comunicación oral e escrita e o seu tratamento na aula. | -Actividades de expresión, interacción e mediación oral. -Actividades de expresión, interacción e mediación escrita. |
| Procedementos para o fomento das habilidades comunicativas na aprendizaxe de linguas estranxeiras | -Práctica de aula e uso de rubrics para avaliar a comprensión oral e escrita |
| Técnicas de escrita e redacción | |
| Fomento da lectura e uso da literatura na didáctica do ensino/aprendizaxe das linguas estranxeiras | |
| Diferencias entre lingua culta e coloquial | -Que norma ensinar? -Norma e variacións lingüísticas |
| Materiais para a didáctica das linguas estranxeiras | -Materiais e recursos didácticos -Selección de actividades para traballar as distintas destrezas. -O uso dos libros de texto. -Uso das TIC e móbiles. |

Os sistemas audiovisuais na didáctica das linguas -Perspectiva histórica
 estranxeiras. Redes sociais e gamificación na -Análise de prácticas
 aprendizaxe de linguas.

Apoio, diversidade e multiculturalidade na didáctica das linguas estranxeiras. -A titoría. A LE nas actividades de titoría
 Contextos de aplicación da didáctica das LE. -Lifeskills /competences pour la vie
 -Medidas de atención á diversidade: os grupos PMAR
 -Avaliación da atención á diversidade
 -Traballar coa cultura da LE: o papel dos/as auxiliares de conversa.
 -Programas AICLE/CLIL

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|-------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Lección maxistral | 60 | 120 | 180 |
| Traballos de aula | 30 | 0 | 30 |
| Debate | 10 | 10 | 20 |
| Estudo de casos | 20 | 20 | 40 |
| Traballo | 0 | 30 | 30 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------|---|
| Lección maxistral | Presentación dos puntos esenciais dos contidos da materia. |
| Traballos de aula | Resolución na aula de actividades relacionadas cos contidos da materia e encamiñadas a acadar os obxectivos fixados para a mesma. |
| Debate | Construción dunha visión crítica sobre os contidos da materia mediante o intercambio de opinións na aula. |
| Estudo de casos | Análise de prácticas metodolóxicas de especial interese. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------|---|
| Lección maxistral | No inicio do curso, cada profesor indicará os seus horarios e modalidades de titoría, así como as vías de contacto co alumnado. O alumnado deberá ter en conta que a maioría do profesorado da materia non traballa habitualmente na Facultade de Filoloxía e Tradución e que, por tanto, non dispón dun despacho na mesma. |
| Estudo de casos | No inicio do curso, cada profesor indicará os seus horarios e modalidades de titoría, así como as vías de contacto co alumnado. O alumnado deberá ter en conta que a maioría do profesorado da materia non traballa habitualmente na Facultade de Filoloxía e Tradución e que, por tanto, non dispón dun despacho na mesma. |
